



CONCELLO DE REDONDELA

## ANUNCIO NO TABOLEIRO DE ANUNCIOS E NA PÁXINA WEB DO CONCELLO

A alcaldesa ditou a resolución núm.; 2023-1201, con data de 12/05/2023 pola que aproba a lista provisional de persoas admitidas do proceso de selección de dous peóns forestais para a realización da obra ou servizo "XESTIÓN DA BIOMASA VEXETAL EN VIARIO E ESPAZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL", na cal se establece o seguinte:

### "RESOLUCIÓN

A Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade outorgou ao Concello de Redondela unha subvención de 27.940 € para a contratación de 2 persoas traballadoras desempregadas durante 9 meses para a realización do programa denominado "XESTIÓN DA BIOMASA VEXETAL EN VIARIO E ESPAZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL 2023", con data de 25/04/2023 ao abeiro da Orde do 9 de xaneiro de 2023, pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural) e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2023.

A alcaldesa ditou a Resolución núm.: 2023-1140 con data de 05/05/2023, pola que aprobou as bases que rexerán a contratación de DOUS POSTOS DE PEÓNS para realizar o programa "XESTIÓN DA BIOMASA VEXETAL EN VIARIO E ESPAZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL 2022", mediante un CONTRATO DE TRABALLO TEMPORAL, para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, de acordo co disposto na disposición adicional novena, apartado 1 do Real decreto legislativo 3/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei de emprego, a tempo completo, polo período de 9 meses, incluída a parte proporcional de vacacións que lles corresponden.

As persoas traballadoras que se contraten para a realización das obras e servizos e polas que se outorgue a subvención deberán ser persoas desempregadas inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como persoas demandantes non ocupadas e estar dispoñibles para o emprego. Estes requisitos deberán cumprirse tanto no momento da selección como no da formalización do contrato de traballo coas cláusulas específicas para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral.

Tras presentar a oferta de emprego no Servizo Público de Emprego de Galicia, o día 06/05/2023, a Oficina de Emprego de Redondela remitíu o resultado da selección das persoas candidatas segundo a categoría solicitada.

As persoas preseleccionadas que foron contactadas polo departamento de Persoal vía telefónica

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2 36.800 Redondela (Pontevedra) Tlf. 986 400 300 Fax: 986 403 894 CIF: P3604500C





CONCELLO DE REDONDELA

e vía correo electrónico a través dos datos que figuraban nos currículos que remitíu a Oficina de Emprego de Redondela tiveron, segundo o previsto nas bases reguladoras deste proceso de selección, un prazo de 3 días hábiles, a contar dende o día seguinte ao do requirimento, para presentar a instancia de participación no proceso para o que foron preseleccionadas.

Tras finalizar o prazo de presentación de instancias e segundo o previsto nas bases reguladoras deste proceso selectivo que se aprobaron con data de 06/05/2023, é polo que, en virtude das competencias que me asigna a lexislación local vixente,

RESOLVO:

PRIMEIRO: Admitir, **con carácter provisional**, no proceso de selección que se convocou para a contratación laboral temporal de DOUS PEÓNS, ás seguintes persoas aspirantes:

N.º	APELIDOS E NOME	DNI
1	ALFAYA PEDREIRA, DIONISIO	*****628-D
2	ALONSO MARTINEZ, ANA MARÍA	*****694-T
3	FERVENZA FRAGUEIRO, SEVERINO	*****405-X
4	FRANCO LAGO, JUAN ANTONIO	*****285-S
5	HOLTER MARTÍNEZ, BILI	*****739-X
6	MÁRQUEZ MÍGUEZ, MARCOS ANTONIO	*****319-G
7	MÍGUEZ FILGUEIRA, ESTHER	*****453-P
8	PRADO ESCUDERO, FÉLIX	*****012-Q
9	RODRÍGUEZ FRAGUEIRO, MANUEL DIONISIO	*****514W
10	VIRULEG GONZÁLEZ, ISIDRO	*****966-B

\*Segundo o previsto no apartado 7.3 das bases xerais de convocatorias de procesos de selección de persoal do Concello de Redondela que se publicaron no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* (BOPPO), número 50, do 13.03.2015, o feito de figurar incluído/a na relación de admitidos/as non prexulga que se lles recoñeza ás persoas interesadas posuír os requisitos esixidos no procedemento selectivo convocado, que deberán ser xustificadas documentalmente no suposto de que os/ás aspirantes admitidos/as superen as probas selectivas.

SEGUNDO: As persoas excluídas poderán presentar as alegacións que estimen oportunas ou a documentación a subsanar requirida polo tribunal, no prazo de **3 días hábiles**, a contar dende o día seguinte ao da publicación da dita relación.





CONCELLO DE REDONDELA

No caso de non presentar a alegación no rexistro ou na sede electrónica do Concello de Redondela, a persoa aspirante deberá dirixir ao enderezo electrónico: [persoal@redondela.gal](mailto:persoal@redondela.gal), con anterioridade ao remate do prazo, unha copia da alegación rexistrada, xunto coa documentación que achegue.

A lista provisional de persoas admitidas e excluídas elevarase automaticamente a definitiva se non se presentan reclamacións.

TERCEIRO: Publicar na sede electrónica, na páxina web e no taboleiro de anuncios do concello a relación provisional de persoas admitidas deste proceso selectivo."

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE Á MARXE

Cod. Validación: AQQWx6S.IOPKKGHMEDP.II.5SZQ  
Corrección: <https://redondela.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 3

